

## Programa de Intercooperación: Encontro Sectorial Ensino

[ En colaboración coa Rede Eusumo ]

<b>DATA REALIZACIÓN</b>	22 de febreiro de 2025	<b>DURACIÓN</b>	4 horas
<b>HORARIO</b>	10:00h – 14:00 h		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Colexio Ángel de la Guarda-A Medoña S. Coop. Galega A Medoña-Priegue, s/n 36350 Nigrán		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Roberto Andrés Sanmartín	<b>TELÉFONO</b>	623301533
		<b>E-MAIL</b>	<a href="mailto:roberto@espazo.coop">roberto@espazo.coop</a>

### OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral a promoción de encontros de intercooperación entre cooperativas para o fortalecemento sectorial e como obxectivos específicos:

- Dar a coñecer o Programa de Intercooperación da Unión, así como as distintas liñas de promoción do cooperativismo e a economía social para o ano 2025 por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Rede Eusumo. Visualización do 2025 como Ano Internacional das Cooperativas.
- Compartir entre as cooperativas asistentes as características e particularidades nos procesos de relevo xeracional e de entrada de novos/as socios/as que se están a producir en cada unha delas. Boa praxis e necesidade de implementar procesos formativos que faciliten a comprensión da realidade da fórmula cooperativa ás novas persoas socias.
- Coñecer o modelo de traballo que se está a seguir en A Medoña S. Coop. Galega, de cara a posibilidade de transferencia de coñecementos, técnicas e metodoloxías de xestión dende esta entidade caro ao colectivo e do resto de participantes entre si.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as entidades e persoas participantes no Encontro.

### PROGRAMA E CONTIDOS

- 10:00 h - Benvida e presentación do Encontro e do Programa de Intercooperación.
- 10:15 h - Presentación das cooperativas e persoas asistentes ao Encontro.
- 10:30 h - O proceso de relevo xeracional nas cooperativas de ensino e a entrada de novas persoas socias. Necesidade de clarificar procedementos, fomento de boas praxis e formación no eido cooperativo para as novas persoas socias. Relatorio a cargo de Xedega S. Coop. Galega.
- 11:45 h - Pausa Café
- 12:15 h - Visita ás instalacións de A Medoña S. Coop. Galega.
- 13:45 h - Conclusións, resolución de dúbidas e recollida de propostas.
- 14:00 h - Fin do Encontro.

### METODOLOXÍA

Desenvolverase un método de traballo que combina a análise e reflexión estratéxica o intercambio de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o diálogo nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

### DIRIXIDO A

Persoas socias de cooperativas activas, principalmente aquelas que conforman a sectorial de Ensino, así como doutras entidades da economía social no eido do ensino.